

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:35 horas do día 24 de xaneiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4 e 8)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 9, 14 e 15)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ELSAMEX, S.A.
 2. BRICANTEL ESPAÑA, S.L.
 3. UTE LAPPSET, S.L. e ACEVI, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 60%-40% respectivamente)

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:26	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A946-5H2223-26BFEE-GKZA1Z-BAW9Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Retírase este asunto da orde do día.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446)

Retírase este asunto da orde do día.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro - marxe impar" (141-441) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 22 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe que se publica deseguido no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa García Barbón dende Serafín Avendaño ata Rosalía de Castro - marxe impar" (141-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:26	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A946-5H2223-26BFEE-GKZA1Z-BAW9Z3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitado	Redución do prezo do contrato (PE)
1	COPCISA, S.A.	461.698,64 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	393.737,50 €
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	382.961,30 €
4	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	392.161,73 €
5	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	383.266,29 €
6	ORECO, S.A.	415.798,18 €
7	HORDESCON, S.L.	417.119,79 €

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI **.1*2.26*, en representación da Federación Galega da Construción e D. Pablo Vidal González, con DNI *3.4**.23*, en representación de COPCISA, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

14.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) (cumprimento resolución 113/2018 do TACGal)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 24 de xaneiro de 2019 en relación coa resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGal).

Á vista do citado informe e, en cumprimento da resolución 113/2018 do TACGal, a Mesa acorda, por unanimidade, excluír a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP).

Acordadas as anteriores exclusións, e ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"), dado que só queda un licitador admitido nos dous lotes, CLECE, S.A., cómpre outorgarlle a máxima puntuación pola súa proposición avaliada mediante fórmula:

	Licitador	Lote 1			Lote 2		
		Prezo	Nº saídas e visitas didácticas anuais	Nº actividades escola de país anuais	Prezo	Nº saídas e visitas didácticas anuais	Nº actividades escola de país anuais
1	CLECE, S.A.	40	10	15	40	10	15



Tendo en conta a puntuación outorgada a CLECE, S.A. no informe de valoración do sobre B de data 12 de setembro de 2018, a puntuación total do licitador resulta a seguinte:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	33,75 puntos	65 puntos	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	33,75 puntos	65 puntos	98,75 puntos

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

15.- Criterios de actuación da Mesa

a) Ampliación da orde do día para a inclusión de propostas de clasificación nos supostos nos que se presente un único licitador

Co obxecto de axilizar a tramitación dos procedementos, naqueles procedementos nos que só se presente un licitador e cuxos pregos de cláusulas administrativas prevexan outorgar a máxima puntuación ao único licitador admitido, a Mesa acorda, por unanimidade, a posibilidade de que se amplíe a orde do día dunha sesión xa convocada para incluír propostas de clasificación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

